



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Literatura Galega	Código	613G02012	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Segundo	Obrigatoria	9
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es	
Profesorado	Eirin García, Leticia	Correo electrónico	leticia.eirin@udc.es	
	Lopez Fernandez, Maria Teresa		t.lopez@udc.es	
	Samartin López-Iglesias, Roberto		roberto.samartin@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
Descrición xeral	Estudo da literatura galega a través dos seus textos máis representativos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Coñecer e aplicar as técnicas de análise literaria.	A1 A2 A15	B7
Realizar por escrito documentos científicos (recensións, comentarios, etc.)	A2 A9 A11 A15	B1 B6 B7	C6
Coñecer as principais etapas da literatura galega, da Idade Media á contemporaneidade.	A7 A11 A14	B3 B8	C6
Saber avaliar, analizar e sintetizar criticamente información relativa á literatura galega.	A11 A14	B1 B3 B7	C6
Ser capaz de aplicar os coñecementos literarios á práctica.	A7 A11 A14 A15	B9 B10	C1 C6
Coñecer e manexar os principais recursos web e bibliográficos sobre a literatura galega nas súas diferentes etapas.	A11	B1 B3	C6
Ser capaz de pór en relación os coñecementos adquiridos nesta materia cos de outras de características similares.	A11 A14 A15	B3 B5	C6
Ser capaz de realizar unha presentación oral sobre os contidos da materia.	A4 A9 A15	B4	C1



Contidos	
Temas	Subtemas
1. A literatura galega	1.1 Definición, caracterización, periodización. Cuestións metodolóxicas.
2. Literatura medieval galego-portuguesa.	2.1 Lírica profana. Cantiga de amor. Cantiga de amigo. Cantiga de escarnho e maldizer. 2.2 Lírica relixiosa. Cantigas de Santa María 2.3 A prosa medieval.
3. A literatura nos séculos XVI-XVIII.	3.1 O concepto "Séculos Escuros". Unha ilustración galega?
4. O século XIX. O Rexurdimento.	4.1 Prerrexurdimento, rexurdimento, rexionalismo. 4.2 A poesía. Rosalía de Castro: Cantares Gallegos. 4.3 A poesía. Eduardo Pondal. Manuel Curros Enríquez. 4.4 A prosa e o teatro. Período Intersecular.
5. O século XX.	5.1 As Irmandades da Fala. A renovación do sistema. 5.1.1 Grupo Nós. Vicente Risco. Ramón Otero Pedrayo. Afonso Daniel R. Castelao. 5.1.2 As Vangardas. Manuel Antonio. 5.2 A guerra civil. A literatura do exilio 5.2.1 Luís Seoane. 5.3 A recuperación da actividade literaria na posguerra. 5.3.1 A narrativa. Eduardo Blanco-Amor. 5.3.2 A poesía. Movements e autores. Álvaro Cunqueiro. 5.4. De 1975 á actualidade. Diversificación xenérica. 5.4.1 A narrativa. Xosé Luís Méndez Ferrín. 5.4.2. A poesía. 5.4.3. O teatro.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B5 C6	1	0	1
Análise de fontes documentais	A1 A9 A11 A15	11	11	22
Lecturas	A7 A4 B3 B6 B7	0	40	40
Prácticas a través de TIC	B1 B3 B4	1	1	2
Sesión maxistral	B8 B9	30	15	45
Presentación oral	A2 A4 A9 C1	10	10	20
Seminario	A11 A14 A15 B1 B3 B4 B7 B10	12	10	22
Eventos científicos e/ou divulgativos	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	2	2	4
Traballos tutelados	A7 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C6	2	20	22
Recensión bibliográfica	A2 A4 A9 A11 A14 B1 B3 B5 B7 B9 C6	1	5	6
Proba mixta	A1 A2 A7 A9 A11 A14 A15 B3 B5 B6 B7 B10 C6	4	35	39
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Exposición xeral do funcionamento da materia e realización de actividades prácticas para familiarizar o alumnado co funcionamento de bases de datos e repositorios dixitais, cos recursos bibliográficos, e coa metodoloxía das actividades avaliábeis.
Análise de fontes documentais	Léctura, análise e comentario de códigos, textos e paratextos (xornalísticos, narrativos, poéticos, dramáticos, públicos, privados, correspondencia...).
Lecturas	Realización das lecturas obrigadas que se indican no apartado 8 da guía, e dos textos críticos que indique o profesorado.
Prácticas a través de TIC	Prácticas en que se utilizarán de maneira case exclusiva os recursos en rede incluídos no apartado 8 da guía.
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado expón os puntos principais dos contidos da materia, como punto de partida para o traballo posterior do alumnado.
Presentación oral	Exposición na aula, necesariamente oral, aínda que poderá ser completada coa utilización de material audiovisual de apoio.
Seminario	Traballo en grupos reducidos coa finalidade do estudo intensivo dun tema. Discusión, participación, elaboración de conclusións nas que se envolveren todos os participantes do seminario.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e participación a eventos relacionados coa materia que se realicen na propia Facultade ou noutros lugares accesíbeis para o alumnado.
Traballos tutelados	Realización por parte do alumnado dun traballo baixo a orientación e co seguimento do profesorado da materia. As características e condicións de realización do traballo explicaranse no inicio do curso e acordaranse co alumnado.
Recensión bibliográfica	Realización dunha recensión bibliográfica segundo as indicacións proporcionadas polo profesorado.
Proba mixta	Proba escrita de avaliación que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes, preguntas tipo test, etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Seminario Traballos tutelados Recensión bibliográfica	Durante as horas de atendimento do profesorado, o/a alumno/a recibirá toda a guía e axuda que precise para a realización dos seus traballos.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Eventos científicos e/ou divulgativos	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	Valorarase a participación nestes eventos a través da realización de fichas que se entregarán ao profesorado.	5
Proba mixta	A1 A2 A7 A9 A11 A14 A15 B3 B5 B6 B7 B10 C6	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes, preguntas tipo test... A través da proba mixta, avaliarase o seguimento das sesións maxistras, a realización das lecturas, etc. Esta proba será única mais realizarase en dúas partes: a primeira no mes de febreiro, en data que se acordará nas aulas; a segunda, no mes de maio na data fixada oficialmente pola Facultade.	40
Análise de fontes documentais	A1 A9 A11 A15	Lectura, análise e comentario de códigos, textos e/ou paratextos (xornalísticos, narrativos, poéticos, dramáticos, públicos, privados, correspondencia...). Cada estudante realizará varias destas actividades en forma de presentación oral na aula ao longo do curso; unha delas presentarase por escrito.	15
Seminario	A11 A14 A15 B1 B3 B4 B7 B10	Valorarase a asistencia e a participación efectiva nas sesións desenvolvidas en forma de seminario.	10



Traballos tutelados	A7 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C6	Valorarase o traballo realizado segundo as indicacións e o acompañamento do profesorado, e a súa presentación oral na aula.	20
Recensión bibliográfica	A2 A4 A9 A11 A14 B1 B3 B5 B7 B9 C6	Recensión dun artigo de carácter académico.	10

Observacións avaliación

Para superar a materia, tanto na primeira como na segunda oportunidade, a cualificación mínima da proba escrita deberá ser de 4 puntos sobre 10. Tendo en conta esta condición, a cualificación final da materia responderá á aplicación das porcentaxes recollidas no cadro anterior.

1. OPORTUNIDADE DE XULLO. Deberánsen presentar/realizar as actividades avaliábeis non superadas ou non presentadas anteriormente. O alumnado que acadase a cualificación de aprobado na ponderación das actividades mais non obtivese un 4 na proba mixta, só deberá realizar a proba mixta.

2. NON PRESENTADO. Será considerado NON PRESENTADO/A o alumno quen non se presente a ningunha das partes da proba escrita.

3. DISPENSA ACADÉMICA. Quen teña dispensa académica terá condicións especiais de avaliación:

1. Proba mixta (50%).

2. Análise de fontes (20 %), coa presentación dunha actividade por escrito e outra oralmente.

3. Traballo titorizado (20 %), que incluíra a presentación oral.

4. Recensión (10 % da avaliación).

Para fixar as datas das presentacións orais o alumnado deberá pórse en contacto coa profesora Teresa López (t.lopez@udc.es) antes do día 30 de setembro.

4. ALUMNADO REPETIDOR.

O alumnado repetidor que non poida asistir ás aulas deberá comunicalo a través dun correo electrónico a t.lopez@udc.es antes do día 15 de setembro. Neste caso, o seu sistema de avaliación será similar ao do alumnado con dispensa académica.

Fontes de información

Bibliografía básica	Obras de lectura obrigada: Selección de textos medievais. Rosalía de Castro, Cantares gallegos. Afonso Daniel R. Castelao, Cousas. Ramón Otero Pedrayo, Arredor de si. Rafael Dieste, A fiestra valdeira. Luís Seoane, A soldadeira. Eduardo Blanco-Amor, A Esmorga. Álvaro Cunqueiro, Herba aquí ou acolá. Xosé Luís Méndez Ferrín, Amor de Artur e outros contos con Tagen Ata ao lonxe. Selección de textos da Antoloxía consultada da poesía galega (1976-2000) preparada por Arturo Casas. Teresa Moure, Herba moura. Cando for preciso, o profesorado indicará cales son as edicións recomendadas para a lectura.
----------------------------	---



Bibliografía complementaria	<p>O profesorado da materia proporcionará unha listaxe de recursos bibliográficos específicos para os temas tratados nesta materia a través da plataforma virtual moodle. Como obras de consulta de carácter xeral, indícanse agora as seguintes: Carballo Calero, Ricardo, Historia da Literatura Galega Contemporánea, Galaxia, Vigo, 1981. Tarrío, Anxo, Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica, Xerais, Vigo, 1997. Tarrío, Anxo (coord.), Galicia. Literatura (vols. XXXII-XXXIV), Hércules de edicións, A Coruña. Tato Fontaíña, Laura, Historia do teatro galego. Das orixes a 1936, A Nosa Terra, Vigo, 1999. Vilavedra, Dolores (coord.), Dicionario da Literatura Galega, Galaxia, Vigo, 1995-2000. Vilavedra, Dolores, Historia da Literatura Galega, Galaxia, Vigo, 1999. VV. AA., Historia da Literatura Galega, A Nosa Terra, Vigo, 1996, 5 vols. E os recursos en liña: http://bvg.udc.es/index.jsp (Biblioteca virtual galega da Universidade da Coruña) http://cantigas.fcsh.unl.pt (Portal da Cantigas Medievais Galego-Portuguesas, Projeto Littera da Universidade de Lisboa) http://www.csbg.org/bibliotecadixital/asp/index.asp (Biblioteca dixital do Centro Superior Bibliográfico de Galiza) http://www.cervantesvirtual.com/areas/letras?galegas?0/ (Sección Letras Galegas da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes) http://consellodacultura.org/mediateca/index.php (Mediateca do Consello da Cultura Galega) http://prensahistorica.mcu.es/es/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacion (Biblioteca virtual de prensa histórica) http://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacion (Galiciana, biblioteca dixital de Galicia) http://www.realacademiagalega.org (Real Academia Galega: hemeroteca e biblioteca virtual) http://www.culturagalega.org/lg3 (portal da lingua do Consello da Cultura Galega) http://www.cirp.es (Centro Ramón Piñeiro: dicionario de termos literarios, base de datos da lírica profana galego/portuguesa, informes de literatura) http://ruc.udc.es/dspace/ (Repositorio institucional da Universidade da Coruña) http://www.erevistas.csic.es/directorio.php?idClas=6 (Plataforma open access de revistas científicas electrónicas españolas e latinoamericanas) http://cvc.cervantes.es/literatura/default.htm (Centro Virtual Cervantes do Instituto Cervantes) http://www.poesiagalega.org/ (Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura) http://www.aelg.org (Asociación de escritores en lingua galega, cun centro de recursos virtuais) http://www.rosaliadecastro.org (Web da Fundación Rosalía) http://www.currosenriquez.es/ (Web da Fundación Curros Enríquez)</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

<p></p>O/a estudante que precise falar co profesorado fóra do horario de atención establecido oficialmente, poderá concertar unha cita a través do correo electrónico, nos enderezos que figuran nesta guía.</p></div>

(*</p></div>

5/5